

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0175, do 27 de marzo de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de selección para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de monitor deportivo, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades.

O 8 de abril de 2025, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 67 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sétimo das Bases que rexen o proceso selectivo, mediante Resolución de Alcaldía número 2025-0235, de data 22 de abril de 2025, aprobouse a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, fixando un prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

Segundo consta no certificado de auditoría, a precitada Resolución estivo exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica ata o venres día 25 de abril de 2025.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- **ADMITIDOS/AS:**

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
1	COSTA MACIAS IÑIGO	**3246***	CELGA 4
2	GIRALDEZ BERMUDEZ SARA	**4589***	NON
3	GÜMIL CABEZAS JUAN	**4653***	NON
4	MARSILLAS RIVEIRO SANDRA	**4125***	CELGA 4
5	MENDEZ TRONCOSO CECILIA	**4888***	CELGA 4
6	PERDIZ ALVAREZ MIGUEL	**6629***	CELGA 4
7	TABOADA GARCIA JAVIER	**8082***	CELGA 4

- **EXCLUÍDOS/AS:** Ninguén.

SEGUNDO.- Designar o Tribunal cualificador, composto polos seguintes membros titulares:



- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dña. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

A reunión do Tribunal cualificador para baremar os méritos achegados polos aspirantes terá lugar o luns día 5 de maio de 2025, ás 09:00 horas na Casa consistorial do Concello de Meis.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica da entidade [<http://meis.sedelectronica.gal>] conforme ao previsto nas bases da convocatoria, e de forma complementaria, na páxina web do Concello de Meis.

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

Contra a exclusión na lista definitiva de admitidos e as recusacións dos membros do órgano de selección poderanse presentar reclamacións, e emendar erros ou omisións, no prazo de dous días (2) hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Señora Alcaldesa Dona Marta Giráldez Barral, en Meis, á data da firma dixital; do que, como Secretaria-Interventora, dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

